

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 8 DE NOVEMBRO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 14 de novembro de 2012.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada autonómica AC-299: (Padrón (AC-307)-AC-301) desde o p.q. 2+160 (límite municipal) ao p.q. 2+400 (enlace coa estrada AC-301) a prol do Concello de Rois.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproban as actuacións realizadas pola UPA na campaña da uva 2012.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Sanidade para realizar os trámites previos á presentación da candidatura oficial para a designación de Galicia como rexión europea de referencia en envellecemento activo e saúdale.

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o aforro logrado coa racionalización dos alugamentos.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre o balance da convocatoria de contratos-programa e do Programa de iniciativa de mellora (PIM).

A XUNTA DECRETA OS SERVIZOS MÍNIMOS ESENCIAIS NA ADMINISTRACIÓN ANTE A FOLGA DO VINDEIRO 14 DE NOVEMBRO

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que dita as normas para garantir os servizos esenciais durante a folga xeral convocada para o vindeiro mércores día 14 de novembro que afectará todas as actividades laborais e funcionarias desempeñadas polos traballadores e polos empregados públicos das empresas e organismos establecidos dentro do ámbito xeográfico e xurídico galego.

A folga, que se desenvolverá entre as 0:00 horas e as 24:00 horas do vindeiro 14 de novembro de 2012, está convocada polo Consello Confederal de Comisións Obreiras (CCOO), a Comisión Executiva da Confederación Sindical da Unión Xeral de Traballadores (UGT), a Confederación Intersindical Galega (CIG), a Central Unitaria de Traballadores/as (CUT), a Confederación Xeral do Traballo (CGT), a Unión Sindical Obreira (USO), e a Confederación Nacional do Traballo (CNT).

Ante esta convocatoria e diante da necesaria conciliación entre o exercicio ao dereito de folga e o mantemento dos servizos esenciais, a Administración autonómica fixou hoxe uns servizos mínimos indispensables para o funcionamento dos servizos esenciais que figuran no decreto, que entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así pois, establécense servizos mínimos respecto dos sectores e actividades cuxa regulación é competencia dalgunha das consellerías da Xunta de Galicia e que poden afectar o desenvolvemento ordinario da actividade cidadá, no sentido do artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño, é dicir, sanidade, seguridade, protección civil, transportes e comunicacións, medios de comunicación social, rexistros públicos, edificios, bens e instalacións públicas, asistencia social e educación, servizos de vixilancia e extinción de incendios e bombeiros.

Os criterios determinantes para a fixación dos servizos mínimos establecidos no presente decreto tiveron en conta os distintos pronunciamentos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no auto do 19 de xuño de 2002 e nas sentenzas do mesmo tribunal do 24 de marzo, 26 de outubro e 16 de novembro de 2011, recaídas con ocasión das anteriores folgas do 8 de xuño e 29 de setembro de 2010 e 27 de xaneiro de 2011. Ademais acatase tamén a recente sentenza do TS do 9 de xullo de 2012 recaída con motivo do recurso de casación interposto contra a sentenza do TSX de Galicia do 24 de marzo de 2012.

O decreto incide, entre outros sectores e actividades, na fixación de servizos mínimos na Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA), en determinadas infraestruturas viarias, para garantir a súa utilización en condicións de normalidade e o exercicio de dereitos como a libre circulación e o acceso aos servizos de saúde, ou a educación, entre outros.

A XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA PADRÓN ATA O LÍMITE DO MUNICIPIO, A PROL DO CONCELLO DE ROIS

- ***A entrega completarase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia***
- ***A Axencia Galega de Infraestruturas emitiu informe favorable sobre o cambio de titularidade proposto polo concello, xa que este tramo atravesa unha zona de naves industriais e adquiriu características de tramo urbano***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade dun treito da estrada AC-299: Padrón (AC-307)-AC-301, desde o punto quilométrico 2 + 160 (límite municipal) ao 2 + 400 (enlace coa estrada AC-301), a prol do Concello de Rois. O cambio de titularidade fundaméntase en que este tramo, ao seu paso polo municipio de Rois, atravesa unha zona de naves industriais e, polo tanto, adquiriu as características propias dun treito urbano.

No Plan Move está previsto transferir a outras administracións a estrada AC-299 na súa totalidade, desde o punto quilométrico 0 + 000 ao 2 + 400 (enlace coa estrada AC-301).

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, estudou a transferencia da titularidade e considerou adecuado o cambio de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes.

Competencia municipal

O Concello de Rois deberá incorporar ao seu plan de estradas os treitos a que se refire este decreto, cuxa entrega se completará no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Correspóndenlle ao Concello, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova administración titular da estrada.

O expediente tramitouse ao abeiro dos artigos 5 e 54 da vixente Lei de estradas do 14 de setembro de 1994, que establece que os cambios de titularidade das estradas se aprobarán por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas, e que as estradas autonómicas ou provinciais ou os treitos determinados delas en que a circulación adquira características urbanas se entregarán aos concellos respectivos.



A POLICÍA AUTONÓMICA REMATA A CAMPAÑA DA UVA CON PRETO DE 1.000 ACTUACIÓNS NA COMUNIDADE GALEGA

- ***A campaña consistiu na inspección e control dos movementos e comercialización da uva de vinificación, tanto a procedente do ámbito territorial galego coma a procedente doutras comunidades***
- ***O dispositivo da campaña estivo activado entre os días 24 de setembro e 19 de outubro nas catro provincias galegas***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se aproba a actuación da Policía Autónoma en relación coa campaña da uva 2012, mediante a cal este corpo levou a cabo un total de 929 actuacións, que derivaron en 76 denuncias remitidas á Consellería do Medio Rural e do Mar. O dispositivo da campaña estivo activado entre o 24 de setembro e o 19 de outubro nas catro provincias galegas.

A campaña da uva 2012 consistiu na inspección e control dos movementos e comercializaron da uva de vinificación en Galicia, tanto a procedente do ámbito territorial galego, coma a procedente doutras comunidades autónomas e de Portugal; sempre co obxectivo de coñecer o grao de cumprimento da normativa dentro do sector vitivinícola.

A Policía Autónoma, en colaboración coa Consellería do Medio Rural e do Mar, iniciou no ano 2010 estas campañas de inspección do documento de acompañamento que impoñen as disposicións comunitarias para o transporte de uva de vinificación, e que constitúe unha fonte de información moi útil para as autoridades encargados de velar polo respecto das normas do sector, tanto comunitarias coma estatais.

Como vén sucedendo en anteriores campañas, os obxectivos deste ano foron a inspección de transportes procedentes doutras comunidades autónomas, o control de transportes procedentes de produtores e vendedores radicados en Galicia, e a supervisión de establecementos e puntos de venda de uva de vinificación.

Por provincia, na Coruña leváronse a cabo un total de 168 actuacións, na provincia de Lugo 236; na de Ourense, fixéronse 334 e na de Pontevedra, un total de 191. No que respecta ás denuncias interpostas pola Policía Autónoma, 53 foron na provincia de Lugo, 12 na de Pontevedra, 10 na de Ourense e 1 na provincia da Coruña, debido a irregularidades detectadas tanto a transportistas, como a establecementos e particulares.

Ademais desta campaña, a Policía Autónoma leva a cabo tarefas de prevención, investigación e control de incendios forestais, furtivismo, control e seguimento da violencia de xénero, investigacións ambientais; relacionadas tamén coa sanidade animal, caza e pesca fluvial; seguridade e intervención; e investigación en materia de menores e familia.

GALICIA, CANDIDATA A SER REFERENCIA EN EUROPA NO EIDO DO ENVELLECIMENTO ACTIVO E SAUDABLE

- ***Permitirá tamén que a Comunidade estea mellor posicionada nos próximos anos para a captación de financiamento europeo***

Galicia presentou á Unión Europea a súa candidatura para ser rexión de referencia no eido do envellecemento activo e saudable no marco da European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing (EIP on AHA), grazas ao seu Servizo de Saúde.

Son exemplos disto a historia clínica e a prescrición electrónica; a Escola Galega de Saúde para Cidadáns; o Consello Asesor do Paciente, e a Plataforma de Innovación en Saúde. Así mesmo, o sistema de benestar galego tamén ten experiencias concretas na utilización de novas tecnoloxías para facilitar e garantir a calidade de vida dos maiores.

O número total de candidatos que se presentaron o 31 de maio de 2012 foi de 54. O pasado martes, 6 de novembro, celebrouse en Bruxelas a Primeira Conferencia de Socios, e a conselleira de Sanidade foi invitada pola Comisión Europea a presentar a candidatura galega xunto con outros 18 representantes de rexións europeas. No mesmo acto a Comisión invitou a Galicia a exhibir a súa candidatura nun posto xunto con só outras seis candidaturas. A Fundación Galicia-Europa colaborou activamente coa Consellería de Sanidade para culminar con éxito este evento.

A European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing consiste nunha asociación de países que colaboran cun triplo obxectivo: mellorar a calidade de vida dos maiores europeos; facer máis sustentable o sistema sanitario e de benestar; e facer que o sector saúde sexa un motor da economía. Neste foro, os expertos involucrados nas diferentes áreas do envellecemento activo e saudable expoñen os seus coñecementos para intercambiar boas prácticas e afondar no xeito de obter o máximo proveito dos plans de acción implantados ao respecto nas distintas rexións.

A partir de hoxe, toda a información dispoñible sobre este tema queda á disposición de todos os interesados na páxina web.

Novas tecnoloxías da información

No que atinxe ás novas tecnoloxías da información, en Galicia completouse de xeito exitoso a implantación da historia clínica electrónica en todo o territorio, que dá soporte a toda a actividade asistencial e pronto permitirá integrar o módulo de historia social da Consellería de Tránsito e Benestar.

Esta ferramenta, xunto coa e-receita, permite aos médicos dos centros de saúde reorientar a demanda, diminuír as visitas administrativas e adoptar actuacións dirixidas a pacientes crónicos, polimedicados e institucionalizados, garantindo a continuidade asistencial.

Ademais, a historia clínica electrónica está a permitir na Comunidade Autónoma o cambio de organización cara a un modelo que integre nunha única xerencia os dous niveis de atención, primaria e especializada, a promoción e prevención, a asistencia e os cuidados sociais. Tamén permite a estratificación de pacientes e o deseño dos procesos segundo as necesidades concretas de cada un deles.

Plataforma de Innovación e Escola para Cidadáns

Pola súa banda, a Plataforma de Innovación ten como obxectivo xestionar as ideas de mellora do sistema que formulan os usuarios seguindo un modelo de innovación aberta e invitar á participación non só dos profesionais, dos cidadáns e dos pacientes, senón tamén de universidades, centros tecnolóxicos e empresas na construción do sector sanitario galego. Esta plataforma facilitou a elaboración dos programas Hospital 2050 e Innova Saúde, cun orzamento de 99 millóns de euros, financiados nun 80% con fondos FEDER.

A Consellería de Sanidade está a apostar tamén por que os cidadáns asuman máis protagonismo na xestión da súa enfermidade, un eido no cal destaca o papel da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, orientada á formación de pacientes, familias e cidadáns nos seus procesos de saúde e enfermidade.

As necesidades de formación e programas da Escola oríéntaas o Consello Asesor do Paciente, órgano pioneiro e de referencia en España que posibilita establecer un circuíto accesible e directo para que os cidadáns fagan chegar á Administración as súas necesidades, inquiredanzas e solicitudes de información. Neste momento este Consello Asesor xa integra 70 asociacións de pacientes.

A XUNTA REDUCIU NESTA LEXISLATURA UN 25% O GASTO ANUAL EN ALUGAMENTOS, CUN AFORRO DE CASE 2 MILLÓNS DE EUROS

- *O custo pasará dos 7,6 millóns de euros de 2008 aos 5,7 do vindeiro exercicio*
- *Esta diminución conseguiuase eliminando 38 contratos, renegociando á baixa a renda doutros 27 e aproveitando os inmobles propios*
- *O obxectivo da próxima lexislatura será seguir diminuindo a partida destinada a pagamento de alugamentos*
- *O novo Goberno presentará outro plan de racionalización do gasto do patrimonio inmobiliario para continuar baixando o custo*

A Xunta de Galicia conseguiu diminuír nesta última lexislatura un 25% o gasto anual destinado ao pagamento de alugamentos, o que supuxo un aforro anual de case 2 millóns de euros respecto ao que se gastaba na anterior.

Así se recolle nun informe presentado ao Consello pola titular de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, no que se indica que o custo anual pasará dos 7,6 millóns de euros de 2008 aos 5,7 millóns de euros previsto para o vindeiro exercicio.

O texto indica que o Goberno galego foi incrementando ano a ano durante a lexislatura o aforro anual en alugamentos ata os 2 millóns de euros como consecuencia de tres tipos de actuacións. Por un lado, resolvendo contratos, aproveitando inmobles propios e, cando isto no foi posible, renegociando á baixa a renda que pagaba a Administración por algúns locais.

Con respecto á resolución de arrendamentos, analizáronse as distintas posibilidades de maximizar os espazos que ten en propiedade a Administración xeral, aproveitando aqueles derivados das modificacións das estruturas orgánicas da Xunta de Galicia e revisando e reorganizando a súa ocupación.

A provincia en que máis contratos se puideron resolver nos últimos catro anos foi a da Coruña, con 18; seguida das de Pontevedra e Lugo, con 7 en cada caso; e da de Ourense, con 6. Estas 38 eliminacións de alugamentos permitiron un aforro anual algo superior aos 2 millóns de euros.

Ademais, dada a situación do mercado, revisáronse 27 contratos susceptibles de rescisión automática, co obxecto de renegociar o prezo do arrendamento, dos cales 12 están localizados na provincia da Coruña, 6 na de Ourense, 5 na de Pontevedra e 2 na de Lugo. Como consecuencia houbo unha diminución da carga de pagamento de case 775.000 euros en relación co que se aboaba en 2009.

Por outra banda, nalgúns casos, ben por necesidades de espazo, ben por cuestións de aforro, foi precisa a contratación dun novo arrendamento, casos que se limitaron a oito en toda a lexislatura.

Novo plan de racionalización

De cara á seguinte lexislatura continuaranse estudando distintas posibilidades para acadar un mellor aproveitamento dos inmobles de titularidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma, de xeito que poida incrementarse a redución do custo de alugamentos, sempre intentando situar os servizos públicos en edificios propiedade da Xunta.

Neste senso, o novo Goberno presentará outro plan de racionalización do gasto do patrimonio inmobiliario na próxima lexislatura, que permitirá seguir consolidando e incrementando os aforros acadados nesta.

AS INICIATIVAS DE MELLORA DO ÉXITO ESCOLAR IMPULSADAS POR CULTURA E EDUCACIÓN CHEGARON A CASE UN DE CADA CATRO CENTROS EDUCATIVOS E A PRETO DE 16.500 ALUMNOS NO CURSO 2011/2012

- ***A primeira convocatoria de contratos-programa e do Programa de iniciativas de Mellora duplicou o número de estudantes beneficiados respecto do curso 2008/2009***
- ***Nestas actividades participaron máis de 1.500 docentes***

As iniciativas postas en marcha o pasado curso 2011/12 pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a mellora do éxito escolar chegaron a 239 centros educativos públicos – case 1 de cada 4- e a preto de 16.500 alumnas e alumnos. Así o recolle o informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, que constata que o número de estudantes beneficiados por estas actuacións duplica xa os que participaron neste tipo de programas no curso 2008/09.

O éxito destas iniciativas, en concreto a primeira convocatoria de contratos-programa e a posta en marcha do Programa de iniciativas de mellora (PIM), é froito do compromiso da Consellería coa mellora da calidade e a eficiencia do ensino en Galicia. Ao mesmo tempo, procúrase a redución da porcentaxe de alumnado con baixo rendemento, o que demostra ir no bo camiño coa redución da taxa de abandono escolar en 5,2 puntos que se produciu en Galicia desde 2009.

Cómpre salientar que, ao abeiro dos bos resultados, no curso 2012/13 participan na nova convocatoria de contratos-programa 314 centros, que presentaron propostas para o desenvolvemento de 527 actuacións. Deste xeito, duplícase o número de solicitudes do ano anterior, o que amosa o interese da comunidade educativa.

Contratos- programa

O curso pasado o departamento educativo da Xunta de Galicia publicou a primeira convocatoria de contrato-programa, unha iniciativa a prol do impulso da autonomía dos centros educativos para a mellora da calidade educativa. A actuación baseouse nunha análise das súas fortalezas e debilidades realizada polos propios colexios e institutos, tras a que cada un deles propuxo unha serie de actuacións arredor de 5 liñas de actuación, nomeadamente as de reforzo, orientación e apoio; mellora da lectura, escritura e cálculo; mellora da convivencia; redución do abandono escolar; e mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia.

O obxectivo desta iniciativa é fomentar a cultura da avaliación entre os centros educativos, de tal forma que, a través da súa práctica, poidan deseñar e propoñer un proxecto enfocado ás principais actuacións propostas para a mellora, todo isto nun contexto de maior autonomía pedagóxica, de organización e xestión.

Un total de 144 colexios e institutos públicos asinaron contratos-programa coa Consellería para o desenvolvemento de 232 iniciativas sobre as ditas liñas de actuación. A maior parte, 130 actuacións, estaban relacionadas coa de reforzo, orientación e apoio; mentres que 54 se enmarcaban na de mellora da lectura, escritura e cálculo; 21 na de mellora da convivencia, 7 na de redución do abandono escolar, e 20 na de mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia.

Por provincias, asinaron contratos-programa coa Consellería 44 centros da Coruña, 21 de Lugo, 23 de Ourense e 56 de Pontevedra; dos que se beneficiaron 11.663 alumnas e alumnos.

PIM

De forma paralela ao desenvolvemento dos contratos-programa, o departamento educativo da Xunta de Galicia puxo en marcha o Programa de iniciativas de mellora (PIM), dirixido a aqueles centros que non participaron na devandita convocatoria pero que, segundo os datos da avaliación de diagnóstico, precisaban mellorar os resultados académicos.

A Consellería contactou cos centros para impulsar a súa implicación no programa, no que participaron un total de 95 colexios e institutos públicos, 27 centros da Coruña, 9 de Lugo, 13 de Ourense e 46 de Pontevedra. En total beneficiáronse do PIM 4.818 estudantes das catro provincias.

Axudas a concellos

Estas actuacións víronse complementadas pola primeira convocatoria de axudas, por importe de 2,1 millóns de euros, dirixidas a concellos para o desenvolvemento de programas e accións dirixidas á redución do abandono escolar.

Os obxectivo desta liña de axudas posta en marcha pola actual Consellería é apoiar os 132 concellos que se beneficiaron dela para que realicen actividades para diminuír o risco de abandono entre o alumnado con menor motivación e máis vulnerable socialmente, a través de respostas adaptadas e actuación para a mellora das competencias básicas. Ademais, esta iniciativa busca propiciar que o alumnado que abandonou o sistema educativo poida continuar o bacharelato ou a formación profesional de grao medio.

O 40% dos concellos galegos participaron con programas de apoio en coordinación coa administración educativa ao abeiro desta convocatoria, o que confirma o interese da sociedade nestas iniciativas.

Obxectivos europeos

Con estas as iniciativas a Consellería de Cultura e Educación avanza na consecución de dous dos catro obxectivos estratéxicos para 2020 do novo Marco para a cooperación europea en educación e formación (ET 2020), no que atinxe a mellorar a calidade e eficiencia da educación e a formación, e a promover a equidade, cohesión social e cidadanía activa, fixando como meta a redución da porcentaxe de abandono escolar por debaixo do 10%, que para España quedou fixado no 15%.

Cómpre lembrar que o departamento educativo da Xunta de Galicia estableceu un marco aglutinador das estratexias, programas e actuacións do sistema educativo para o éxito educativo no plano normativo e de planificación estratéxica, a través do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado.